

ÚLTIMA POESÍA GALEGA

Luciano Rodríguez/Teresa Seara

A guerra civil española (1936-39) supuxo unha quebra histórica en Galicia e aniquilou a "normalidade" acadada nos primeiros anos do século XX (Estatuto de Autonomía, labor literario da Xeración Nós, editoriais galegas, etc.) para impór décadas de obrigado silencio. Institucións políticas e culturais son eliminadas mentres os poucos escritores que se libraron da morte, ou do autoexilio en hispanoamérica, siléncianse ou comezan a escribir en español. Se ben en América -Arxentina, Uruguai, Cuba- os desterrados desenvolven un intenso labor político-cultural, este non chega ata Galicia en condicións de constituír unha influencia importante e a literatura no interior queda amordazada ata a fundación da editorial Galaxia (1950)¹.

Ata comezos da década dos 50 non será posible pensar na revitalización da nosa poesía e, maiormente, da literatura de expresión galega. Bótase man entón das direccións poéticas de preguerra -neotrobadorismo, clasicismo, ruralismo, imaxinismo, paisaxismo- ás que se van sumar, nunha búsqueda constante de novas vías de expresión, a "Poesía da Tebra" e o socialrealismo². O cultivo hexemónico deste último, nos anos 60 e primeiro lustro dos 70, chega a límites insospeitados e faino caer nun esgotamento epigonal. A mediados dos 70 os propios mestres socialrealistas decátanse da ineficacia expresiva do movemento e abandónano en obras máis intimistas³. A un tempo comeza a ser considerado como forma caduca pola súa falta de rigor estético sempre supeditado a unha mensaxe social repetitiva fanada no seu prosaísmo estéril.

Os cambios políticos e socioculturais que se suceden desde 1975 -fin da dictadura franquista e instauración da democracia, apertura a outras literaturas, estudio de especialidades de Letras na Universidade, etc.- inciden positivamente nunha mudanza poética que, anticipada desde moito antes, se consolida na década dos 80 cuns autores que rompen definitivamente co socialrealismo e elevan a nosa poesía a alturas universais. Neste momento, *Con pólvora e magnolias* (1976) de X.L. Méndez Ferrín (re)descubre unha linguaxe poética alongada do prosaísmo socialrealista no seu rigor estético e

¹ A fundación da Editorial Galaxia rompe o silencio imposto polo franquismo e recolle os tímidos intentos editoriais que se deron no 1949 (Edicións Monterrey, Bibliófilos Galegos, etc.). Prestixiar a lingua e cultura galegas, ser ponte entre as vellas promocións e as novas, promover a literatura galega e atender tanto ós problemas vitais, culturais e espirituais do noso país e as súas xentes como á búsqueda das raíces nunha dimensión universal, foron os seus obxectivos.

² A "Poesía ou Escola da Tebra" foi cultivada por un grupo de poetas -Antón Tovar, Bernardino Graña, X.L. Méndez Ferrín, etc.- que se reúnen en Madrid durante os anos 50 e dan cabida nos seus textos á expresión crúa do desarraigo existencial e á consciencia angustiada do desamparo humano. O socialrealismo triunfa, sobre todo no exilio, con *Longa noite de pedra* (1962) de Celso Emilio Ferreiro. A partir de entón a corrente faise hexemónica e escurece calquera intento de escribir poesía con outras temáticas ou formas. Os nosos mellores poetas socialrealistas son Celso Emilio e Manuel María.

³ *Onde o mundo se chama Celanova* (1975) de Celso Emilio Ferreiro e *Poemas ó outono* (1977) de Manuel María.

revitaliza temas eternos -amor, dor existencial, paso do tempo- sen renunciar ao político e social. A obra abre novas vías poéticas que non serán seguidas de forma mimética polos autores dos 80, máis influídos pola actitude politicamente comprometida de Ferrín que polos seus versos. A publicación en 1980 da obra completa de Álvaro Cunqueiro permite tamén descubrir o inédito *Herba aquí e acolá*, onde un Cunqueiro lírico trata a temática erótica con cuidado formal. Estes son ademais os anos de recuperación de autores - Aquilino Iglesia Alvariño, Ricardo Carballo Calero, Uxío Novoneyra, Bernardino Graña, Salvador García-Bodaño- silenciados por non acatar os presupostos formais socialrealistas.

Entre 1977-80 tres grupos poéticos veñen dinamizar o noso panorama literario: Rompente, Cravo Fondo e Alén. Deles só Rompente deu varias obras aínda que desde uns presupostos, de resurrección da vangarda, errados que os levaron ao desastre. Os outros non pasaron da obra antolóxica e careceron de maior transcendencia que a de seren feitos aillados que convulsionan estes anos baleiros. O mesmo efecto tivo a reunión de dez poetas coruñeses nas antoloxías *De amor e desamor* I (1984) e II (1985) que, nadas nas dificultades destes autores para publicar individualmente as súas obras, mobilizan un horizonte editorial estancado desde a morte do socialrealismo e dan inicio a un labor intenso de recitais que fixeron saír do marasmo á poesía galega.

Os autores da década dos 80 -Miguel Anxo Fernán-Vello, Xosé M^a Álvarez Cáccamo, Xavier R. Baixeras, Xulio L. Valcárcel, Pilar Pallarés, Ramiro Fonte, Manuel Rivas, Eusebio Lorenzo Baleirón, Xavier Seoane, etc.- supoñen un cambio radical na poesía galega. O seu aporte máis salientable foi a reivindicación e creación dunha lingua poética coidada mentres recuperan temas deostados e autores escurecidos baixo a sombra inmensa da poesía social. Malia rexeitar a falta de rigor lingüístico e formal dos seus precedentes inmediatos recollen o facho do fondo compromiso ético coa terra-patria agora expresado cun coidado estético exquisito. A un tempo, ávidos lectores, buscan os seus referentes na poesía universal de todas as épocas e lugares. Características definitorias da poesía galega dos 80 son:

- A intención de crear unha linguaxe poética e un temario propios desde a valoración da poesía como arte da linguaxe. Elaboran un rexistro culto axeitado á expresión poética e tratan con el temas universais.

- A grande importancia que dan á recuperación da palabra suxerente e vivencial que vai ligada á presenza do «eu» lírico como soporte poemático.

- A asunción da tradición universal desde un coñecemento profundo e crítico da mesma. Isto provoca a aparición nos poemas dun forte culturalismo e a presenza de estruturas formais xa desenvolvidas pero tratadas cunha nova estética.

- A recuperación da lírica, o relanzamento do tema amoroso -con matices eróticos e sensoriais- aplicado tamén á relación coa terra.

- O fondo compromiso social e moral co seu tempo que amosan e que motiva a visión da Terra como patria a defender nos ámbitos sociopolítico, ético, estético e ecolóxico.

- A grande preocupación formal que os leva a aunar a mensaxe comprometida e a forma coidada.

O panorama editorial dos anos 80 convulsióname, no primeiro lustro da década, cun profuso ritmo de publicacións. Libros, revistas, folletos, etc., aparecen nunha inxente cantidade e revolucionan o horizonte poético. A isto contribuíu tamén, en grande medida, a instauración de premios como o Esquíu, Leliadoura, Cidade de Ourense -para poemarios completos- ou o Facho, Xogos Florais de Betanzos, Rosalía de Castro -para textos soltos. As revistas fanse eco desta eclosión poética e abren as súas páxinas a novos autores. *Dorna*, *Nordés*, *Luzes de Galiza*, *Festa da palabra silenciada*, *Grial* son, xunto a publicacións máis marxinais e efémeras -*O mono da tinta*, *Ronseltz*-, *culpables* en boa medida da grande difusión que tivo nestes anos a nosa poesía.

Pronto se dará conta tamén da obra destes autores en grande cantidade de antoloxías que van xurdindo ao longo da década. Antoloxías bilingües en español, catalán, italiano ou monolingües en galego que escolman, dun xeito particular en cada unha, aos autores máis relevantes do período. A estes feitos aínda se sumará outro, a enorme importancia que se lle concede agora aos recitais poéticos como forma de achegarse ao público lector -neste caso oínte- e facelo partícipe do texto. Nestes anos pubs, teatros, institutos ou centros sociais acollen aos autores e abren unha dimensión nova na divulgación da palabra poética.

Mais, cara 1987 esmorece este ritmo vertixinoso e os autores, que chegaran a publicar case compulsivamente, siléncianse de cara ao lector. Algúns premios son suprimidos morrendo con eles as coleccións de poesía que sustentaban, as editoriais reducen o número de publicacións e os recitais deixan de ser algo habitual. A escrita dos autores dos 80 -da maioría, enténdase- faise embrionaria e non sae á luz máis que en contadas e breves ocasións: colaboracións nas revistas que sobreviven ou recitais entendidos como actos aillados de homenaxe⁴.

Na década dos 90 revitalízase en boa medida este panorama coa chegada de novos autores á escrita poética. Ademais dos que comezan a publicar desde a fronteira da súa xuventude extrema -e de seguir disfrutando da produción dos autores de todas as xeracións precedentes- dáse a revelación de voces que, procedentes de xéneros como o ensaio ou a narrativa, se inician na poesía (caso de M^a Xosé Queizán) ou, sen teren cultivado a literatura anteriormente, demoraron a súa aparición editorial por factores diversos (Chus Pato, Ana Romaní ou X. Antón L. Dobao). Estas novas voces nótrense das fontes abertas polos autores dos 80 nun maxisterio recoñecido por eles pero que non implica un seguidismo epigonal a respecto dos modelos senón a búsqueda da creación dunha liña persoal que varía na adopción de temas e formas.

A un tempo, unha serie de factores alteran o panorama dos últimos anos da década anterior e propician a aparición doutros poetas como son:

1. O aumento nestes anos, despois do *impasse* xa sinalado, do número de premios de poesía concibidos como medio idóneo para dar pulo ao coñecemento de novos valores. Créanse así galardóns que, nalgúns casos, inclúen nas súas bases cláusulas que especifi-

⁴ Así, por exemplo, Miguel Anxo Fernán-Vello deixa pasar sete anos entre a publicación de *Entre água e fogo* e *Poemas da lenta nudez*; Xulio Valcárcel demora seis en dar ó prelo *O sol entre os dedos*, obra consecutiva de *Solaina da ausencia*; e, xa nun caso extremo, median doce anos entre a *Sétima soidade* de Pilar Pallarés e o *Livro das devoracións*.

can a idade dos participantes ou a esixencia de careceren de obra publicada. Certames como o Espiral Maior, Martín Códax, González Garcés, xunto cos sobrevivintes da década pasada, impulsan a creación poética nova dándoa a coñecer coa publicación da obra premiada e a difusión publicitaria que conleva a súa convocatoria.

2. O espacio editorial recupera lentamente o ritmo de publicacións sendo un feito decisivo, neste sentido, a creación de Edicións Espiral Maior no 1992 que xorde para difundir a poesía malia, posteriormente, acoller tamén obras de narrativa e ensaio. Nas súas coleccións "Poesía" e "Illa Verde" -integrada por libros de pequeno formato e baixo prezo- publican a meirande parte dos autores do momento nun importante labor de difusión que non é alleo ás novas voces. A un tempo, editoriais de narrativa crean coleccións de poesía ou editan as obras premiadas en determinados galardóns subvencionados por Concellos - é o caso de Galaxia ou Edicións do Castro. Parellamente, as Deputacións Provinciais publican as obras galardonadas nos certames que patrocinan e a Colección Esquíu de Poesía sobrevive sustentada por Caixa Galicia.

3. Dáse un puxante intento dinamizador do espacio cultural galego a base da creación de empresas editoriais máis marxinais canto á difusión, con tiradas reducidas dos poemarios e que convirten cada exemplar, de forma artesana, nunha obra de arte orixinal (por exemplo, Edicións do Dragón). Ligado a estes empeños acostuma a ir o impulso que reciben nesta época os recitais e festas poéticas, tentando recuperar o ritmo que decaera na fin dos 80.

4. Proliferan os grupos poéticos⁵ -Blas Espín, Un Medio, Dolmen, Serán Vencello, etc.- entendidos como reunións de poetas que propician e alentan un traballo intenso a prol da difusión da súa obra de formas diversas: publicación de volumes colectivos e revistas, recitais, coloquios, charlas, organización de actividades interactivas que reúnen diferentes artes, etc. Os autores, conscientes da importancia deste labor divulgativo, poñen todos os medios ao seu alcance na consolidación de tales feitos e mesmo chega a haber interrelación entre os diferentes grupos.

Tamén se desenvolve un puxante movemento arredor de Santiago de Compostela que se convirte nun constante punto de referencia canto á poesía e á súa difusión cultural. Centro de reunión de poetas que polas súas circunstancias vitais (traballo, estudos, nacemento, etc.) habitan a súa zona de influencia, Compostela acolle actividades diversas ademais de ser tema lírico para os novos poetas e primeiro espacio onde xovencísimos autores dan os seus pasos literarios iniciais. Igualmente vizosa, sobre todo nos últimos anos, se presenta a Costa da Morte, zona xeográfica do noroeste da provincia da Coruña que sustenta, no radio duns 50 km. escasos, varios dos grupos máis activos hoxe en día: Blas Espín, Arre Sentelha, Batallón Literario da Costa da Morte. Aínda así non faltan autores que se afastan do contacto directo cos seus coetáneos por circunstancias xeográficas ou persoais.

5. Este volve ser un bo momento para a edición de publicacións literarias (revistas, folletos, boletíns, etc.), abundando as marxinais e de escaso presuposto, que abren as súas páxinas á creación poética: *Animal*, *Clave Orión*, *Blas Espín*, *Gume*. Algunhas delas

⁵ Utilizamos o termo "grupo poético" entendido como reunión de autores carentes da intención de instaurar unha poética grupal colectiva e mantendo sempre a súa diversidade individual na escrita.

xorden fanadas polo seu carácter efémero e por unha distribución insuficiente que as fai pasar desapercibidas para o meirande público. Moitas nacen e morren co número un pero deixan un testemuño directo do interese crecente que esperta a poesía tanto entre os novos autores como no público lector que experimentou tamén un aumento considerable nos últimos anos.

6. Especialmente importante, cuantitativa e cualitativamente, é a creación das autoras que, nesta época, chegan ao espacio literario en maior número que en décadas anteriores. As poetas cuestionan os modelos patriarcais e elaboran, en moitos casos, unha relectura dos mitos clásicos ligada tamén á experimentación cunha nova linguaxe erótica e social. Atrevemento no tratamento temático e certa liña feminista unida á nacionalista fan das autoras destes anos -Ana Romaní, M^a Xosé Queizán, Yolanda Castaño, Marta Dacosta, Chus Pato, Olga Novo, etc.- valores en alza, como o acredita tamén o feito de coparen a maioría dos premios literarios.

7. Mentres os poetas dos 80 tiñan unha formación maiormente autodidacta canto á lingua e literatura galegas (moitos deles non cursan estas materias ata chegar á Universidade), os autores máis novos contan, a este respecto, cunha boa formación académica. A implantación obrigatoria no ensino desde o curso 1979/80 permítelles tomar contacto coa nosa realidade lingüística e literaria desde niveis educativos primarios. Este feito fornéceos dun fondo coñecemento delas e contribúe a crearlles un certo sentimento de normalización dentro da nosa anormalidade específica.

Todos os factores que vimos de reseñar axudan ao agromar dos novos poetas que se dan a coñecer maioritariamente na década dos 90. Agora ben, os novos autores, lonxe de constituír unha xeración poética por si mesmos, seguen as liñas xa iniciadas polos seus predecesores. Xa se teñen alzado algunhas voces para falar dun esgotamento da lírica dos 80 e do nacemento dunha nova actitude poética que, a estas alturas, aínda non se materializou nin teórica, nin practicamente. Aínda é moi pronto, pensamos, para falar de algo máis que da sucesión natural duns feitos que permiten a estes poetas publicar as súas primeiras obras sen amosar cambios radicais na súa poética a respecto dos seus inmediatos precedentes.

Os autores que comezan a publicar nos 90 malia compartiren, a grandes rasgos, as características do movemento dos 80 presentan algúns trazos individualizadores:

1. A posibilidade de disfrutar do ensino do galego desde niveis educativos primarios, salvo en casos aillados, reflíctese na modernización dos campos léxicos e na incorporación ao verso de vocabularios específicos ata agora afastados da poesía. Así, Yolanda Castaño utiliza, en *Elevar as pálpebras* (1995), a linguaxe da burocracia para falar do desamor e de feitos cotiáns. Aínda así, apréciase nalgúns un certo empobrecemento léxico buscado, ás veces, para lograr a inmediatez do discurso.

2. Procuran unha coidada elaboración do poema e preocúpanse pola linguaxe que se fai máis directa, máis aparentemente sinxela, sen negar a complexidade poemática. Gustan dos achados expresivos pero desbotan a expresión requintada, excesivamente culturalista, substituída en favor do cotián, os símbolos dunha época que busca novos referentes. A maior narratividade no discurso e o aprofundamento no ton coloquial, xunto coa contención verbal, son formas de búsqueda dunha expresión máis núa que convive con arquitecturas

poemáticas complexas. A este respecto pódense comparar a parquedade expresiva de Ana Romaní en *Das últimas mareas* (1994), coa profusión léxica barroca dunha Yolanda Castaño en *Elevar as pálpebras* (1995) ou as complexas estruturas de Martín Veiga en *As últimas ruínas* (1994).

3. Seguen cultivando os temas puxantes nos 80 -nada extraño se temos en conta que son os universais da literatura- pero sempre buscando unha forma de expresión propia dos mesmos. Amosan unha grande diversidade poética con multiplicidade de rexistros que seguen, en boa medida, vellas liñas pero desde un ton máis intimista e confesional:

-O amor/desamor segue a ser moi rendible aínda que expresado de maneiras diversas: Miro Villar recorre, en *Ausencias pretéritas* (1992), ao soneto clásico para evocar a perda da amada e M^a Xosé Queizán reflicte, en *Despertar das amantes* (1993), a plenitude do amor entre mulleres. A revolución na expresión do erotismo acostuma a vir da man das poetas e así se manifesta en *Pornografía* (1996) de Lupe Gómez ou *A teta sobre o sol* (1996) de Olga Novo.

-A dor existencial, provocada pola observación da decadencia que o tempo impón sobre o entorno do eu poético, está sempre presente en Martín Veiga -*Tempo van de porcelana* (1990) e *As últimas ruínas* (1994)- mentres que X. Antón L. Dobao recorre -en *Caderno dos dereitos e das horas* (1994)- ao símbolo arquetípico do río para expresar o avance doloroso da vida.

-A terra segue a ser unha realidade plural que inclúe o ámbito cósmico, a metáfora da muller e a chamada constante á loita patriótica. Conviven así certo inxenuismo naïf na visión da paisaxe rural contida nos versos de Celso Fernández Sanmartín -recompilados nun libro sen título aparecido en 1995-, coa presenza en, *Fascinio* (1996) de Chus Pato, da terra como pasado, historia, muller e patria que defender desde a escrita.

-O tema social segue estando presente no reflexo do cotián, do colectivo e, normalmente, vai ligado ao compromiso con causas contemporáneas aos poetas e ao lector: movementos ecoloxistas, antimilitaristas, denuncia do consumismo estéril da sociedade finisecular. Agora ben, o social aparece imbricado con outras temáticas: Fran Alonso -*Tortillas para os obreiros* (1996)- imprime aos seus versos a violencia do vivir nunha cidade deshumanizada e caótica mentres Marta Dacosta liga a denuncia da situación anormal que sufrimos coa reflexión metapoética en *Pel de ameixa* (1996) e Rafa Villar convirte a viaxe cara a liberdade nun periplo marítimo en *A sotavento dunha singradura* (1995).

-A poesía tórnase máis vivencial e de circunstancia -por oposición á esencialista- e a experiencia entra nos poemas como unha forma máis de expresar unha actitude comprometida co ser humano, sentimento xa existente nos autores dos 80.

-Dáse unha revisión crítica dos mitos presente, sobre todo, na escrita das poetas que seguen unha liña de subversión dos sistemas patriarcais da escrita. Así, Ana Romaní reescribe a viaxe de Ulises e a espera de Penélope en *Das últimas mareas* (1994) e Chus Pato interpreta, en *Heloísa* (1994), a historia de Heloisa e Abelardo desde o punto de vista feminino.

-O marxinal e cotián entra nos versos para dar unha meirande sensación de sinceridade e achegarse mellor ao lector desta fin de século. Ao mesmo tempo, dáse un intento de

intertextualidade entre as artes como exemplo destacamos as *42 décimas de febre* (1994) de Miro Villar con poemas sobre cadros e películas.

-Celébrase o caótico e o ruído como reflexo da vida mentres se intenta reinventar o paraíso a través dun autocoñecemento que se estende tamén á realidade circundante para incidir sobre ela e cambiala. X.M. Millán Otero denuncia en *Este é o tempo do sal* (1992) a situación lacerante da terra asoballada que tamén aparece en *O mar perdido* (1990) de M.X. Neira. A un tempo aflora unha esperanza inquebrantable na liberación da terra que procede de escritores xa paradigmáticos no panorama poético galego. Isto pódese observar nos versos de *Abandono da noite* (1993) de M.X. Neira e nos de *A sotavento dunha singradura* (1995) de Rafa Villar.

-Segue a cultivarse a reflexión metapoética e metaliteraria tentando aclarar de onde nace e cal é o verdadeiro poder da escrita. Así acontece en *As palabras no espello* (1995) de X.M. Millán Otero e *Crear o mar en Compostela* (1993) de Marta Dacosta.

4. Algúns autores recuperan formas métricas clásicas -sonetos e décimas en *Ausencias pretéritas* (1992) e *42 décimas de febre* (1994), ambas de Miro Villar- pero é habitual a procura de novos camiños con menor preocupación formal. Dáse unha desbarroquización xeral das formas, expresada en poemas máis curtos e menos escuros, nun intento de regresar ao lector evidenciado na importancia que dan á organización de recitais públicos.

Podemos, en resumo, definir a obra dos novos autores, a grandes trazos, pola contención expresiva ligada á preocupación pola comunicabilidade e o lector pero cun rigor lingüístico herdado dos 80; pola asunción de temas poéticos universais desde a revisión crítica dos modelos e mitos patriarcais; por un maior intimismo ligado á poesía vivencial e, máis que nada, pola procura dunha voz poética persoal desde o cultivo de temas e formas clásicos.

Ata aquí o noso breve percorrido polas direccións que foi tomando a poesía galega dos últimos anos. Como remate, propomos ao lector o seu achegamento directo aos versos tanto das voces que citamos ata agora -e que fan parte, na súa maioría, da antoloxía que, co título de *Para saír do século (Nova proposta poética)*, temos elaborado sobre a última poesía galega (de próxima edición)-, como de Olga Novo, Paco Souto, Fran Alonso, Xabier Cordal, Estevo Creus, Rafa Lema, Arturo Regueiro, etc., autores que están a dar bos e prometedores froitos.

Nova Renascença, Fundação Eng. António de Almeida, Porto, Nº 72/73,
Inverno/Primavera 1999, pp. 271-280.